

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2671 *Real decreto 127/2015, do 27 de febreiro, polo que se integran os centros do portelo único empresarial e o portelo único da Directiva de servizos nos puntos de atención ao emprendedor.*

A disposición adicional segunda da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, establece a integración de portelos únicos nos puntos de atención ao emprendedor, de maneira que os actuais PAIT, puntos de asesoramento e inicio de tramitación, pasen a denominarse puntos de atención ao emprendedor ou PAE e que os centros do portelo único empresarial (PUE) e o portelo único da Directiva de servizos, eugo.es (PUDS), do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, se integrarán nos puntos de atención ao emprendedor. Engade a citada disposición que a forma de integración se establecerá regulamentariamente.

Tanto a rede de PUE coma a de PAIT son froito de distintas iniciativas postas en marcha polo Goberno de España entre os anos 1999 e 2003 co obxecto de facilitar, simplificar e acelerar a creación de empresas.

Os centros PUE creáronse ao abeiro do Protocolo de colaboración do 26 de abril de 1999 entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais e o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación e as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación.

Posteriormente, neste mesmo ámbito, aprobouse o Acordo do Consello de Ministros, do 15 de xullo de 2005, para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán, co fin de incrementar a colaboración coas cámaras de comercio, industria e navegación potenciando a rede de portelos únicos empresariais mediante a súa unión á nova rede de oficinas integradas. Iso deu como resultado en diversas comunidades autónomas a redefinición dos seus centros PUE en oficinas integradas – portelos únicos empresariais.

Pola súa banda, os PAIT creáronse na Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada Nova Empresa, que modificaba a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, engadindo unha nova disposición adicional, a oitava, relativa ao documento único electrónico (DUE), na cal se creaban os PAIT.

Os PAIT definíanse como oficinas dependentes de organismos públicos ou privados mediante as cales se lles ofrecían aos emprendedores servizos de información, asesoramento e tramitación electrónica. Nesta definición incluíanse os centros PUE, que podían actuar como PAIT no relativo á tramitación electrónica a través do DUE.

Posteriormente, a Directiva 123/2006, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, establecía no seu artigo 8 que os procedementos en materia de establecemento de servizos debían ser accesibles por medios electrónicos, entre outras obrigas. A dita directiva trasponse mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e establece un portelo virtual, eugo.es, desde o cal se poderán realizar todos os trámites relacionados co inicio e co exercicio dunha actividade de servizos, así como os de proporcionar información sobre requisitos aplicables aos prestadores establecidos noutros Estados membros ou sobre as vías de reclamación existentes, entre outros aspectos.

Despois da experiencia acumulada con todas estas iniciativas, a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, unificaas nunha soa rede de apoio aos emprendedores, a rede de PAE, feito que se realiza no seu artigo 13 e nas disposicións adicional segunda e derradeira sexta.

Os PAE defínense como oficinas pertencentes a organismos públicos e privados que se encargarán de facilitar a creación de novas empresas, o inicio efectivo da súa actividade e o seu desenvolvemento, a través da prestación de servizos de información, tramitación de documentación, asesoramento, formación e apoio ao financiamento empresarial.

Todo iso co fin de dar un servizo unificado tanto a emprendedores como a empresas, establecendo un catálogo amplo de servizos que abrangan o establecemento, o exercicio e o cesamento de actividade. Ademais, amplía estas funcións a posibles portelos virtuais que se poidan incorporar e fixa no PAE electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a obrigatoriedade de ofrecer o conxunto de servizos recollidos no seu artigo 13.

Polo tanto, o obxecto deste real decreto é levar a efecto esta integración de maneira que a partir da súa entrada en vigor só exista unha única rede de oficinas de atención aos emprendedores, baixo unha soa denominación e marca, co fin de evitar custos por duplicidades ás administracións públicas, mellorar a información ao cidadán e ás empresas e ofrecer unha tramitación electrónica completa en todos os estados polos cales transita unha empresa. Esta integración faise tanto a nivel de oficinas físicas como virtuais, respectando en todo momento o que se desenvolveu ata agora, sobre todo no que respecta ao PUDS que, debido á súa propia normativa, seguirá ofrecendo os seus servizos sen prexuízo da súa integración no PAE.

Dado que durante este tempo o Goberno puxo en marcha a plataforma «Emprende en 3», un proxecto de simplificación administrativa aprobado polo Consello de Ministros do 24 de maio de 2013, que facilita a comunicación por parte de emprendedores e empresas das declaracións responsables ás entidades locais, é lóxico establecer a integración desta plataforma na rede PAE no presente real decreto.

En definitiva, trátase do primeiro paso para alcanzar o obxectivo dunha integración real non só das distintas plataformas da Administración xeral do Estado, senón tamén chegar a incorporar, a medida que sexa posible, outras plataformas de tramitación electrónica de comunidades autónomas e de entidades locais.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día do 27 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación das especificacións e condicións para a integración dos centros do portelo único empresarial (en diante, PUE) e o portelo único da Directiva de servizos 123/2006, do 12 de decembro de 2006, relativo aos servizos no mercado interior (en diante, PUDS) do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas na rede de puntos de atención ao emprendedor, segundo establece a disposición adicional segunda da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As disposicións contidas neste real decreto serán de aplicación ao PUDS, á plataforma «Emprende en 3», ao PAE electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e aos centros PUE creados ao abeiro do Protocolo do 26 de abril de 1999, así como ás oficinas integradas de atención ao cidadán que presten servizos a empresas, creadas segundo o Acordo de Consello de Ministros do 15 de xullo de 2005, que se integran na rede de puntos de atención ao emprendedor.

CAPÍTULO II

Organización e servizos

Artigo 3. *Organización.*

1. Os centros PUE a que se refire o artigo anterior pasarán a denominarse puntos de atención ao emprendedor (en diante, PAE).

2. De acordo co disposto no artigo 13.3 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, os PAE utilizarán o sistema de tramitación telemática do Centro de Información e Rede de Creación de Empresa (en diante, CIRCE) e deberán iniciar a tramitación a través do documento único electrónico (en diante, DUE), regulado na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, modificada pola disposición derradeira sexta da Lei 14/2013, do 27 de setembro.

3. O Punto de Atención ao Emprendedor electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (en diante, PAE electrónico) residirá na subsección electrónica da Subdirección Xeral de Apoio á Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

4. A titularidade, administración e xestión do PAE electrónico correspóndelle á Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, sen prexuízo do establecido no artigo 6.2 en relación co PUDS.

5. O PAE electrónico forma parte da rede PAE e a formalización por vía electrónica do DUE estará dispoñible para os cidadáns a través da dita rede.

Artigo 4. *Servizos.*

1. Os PAE a que se refire o artigo 3.1 prestarán os seguintes servizos:

a) Facilitar a creación de novas empresas, o inicio efectivo da súa actividade e o seu desenvolvemento, a través da prestación de servizos de información, tramitación de documentación, asesoramento, formación e apoio ao financiamento empresarial.

b) Subministrar toda a información e os formularios necesarios para o acceso á actividade e ao seu exercicio.

c) Ofrecer a posibilidade de presentar toda a documentación e as solicitudes necesarias.

d) Ofrecer a posibilidade de coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan a condición de interesado e, de ser o caso, recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a súa resolución por parte do órgano administrativo competente.

e) Subministrar toda a información sobre as axudas, subvencións e outros tipos de apoio financeiro dispoñibles para a actividade económica de que se trate na Administración xeral do Estado, comunidades autónomas e entidades locais.

f) Facilitar os trámites necesarios para a constitución de sociedades, o inicio efectivo dunha actividade económica e o seu exercicio por emprendedores.

g) Facilitar a tramitación do cesamento da actividade.

2. Sen prexuízo doutros servizos que poidan prestar, os servizos a que se refire este artigo poderanse prestar mediante contraprestación económica, agás o referente á tramitación do DUE. Cada punto de atención ao emprendedor manterá unha lista dos servizos gratuítos e dos que se prestan mediante contraprestación económica de acordo cos convenios que, se é o caso, se subscriban co Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

CAPÍTULO III

Integración de portelos únicos

Artigo 5. *Integración de portelos únicos presenciais.*

1. Para os efectos de aplicar o disposto no artigo 3.1 do presente real decreto, os centros PUE existentes no momento da entrada en vigor do presente real decreto poderán:

a) Integrarse na rede PAE e ofrecer os servizos establecidos no artigo 4 deste real decreto.

b) Cesar a súa actividade como consecuencia do proceso de integración.

2. No caso de integrarse na rede PAE, os ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e de Facenda e Administracións Públicas coordinarán conxuntamente, unha vez que se extingan os convenios PUE, o proceso que permita a continuidade da colaboración coas administracións públicas e institucións interesadas.

Neste caso, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo realizará as actuacións necesarias para incluír no sistema CIRCE os trámites das administracións públicas e institucións interesadas, e facilitará a sinatura con elas de novos convenios PAE.

No caso de cesamento de actividade, tamén o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en colaboración coas administracións públicas e institucións interesadas, supervisará a finalización das obrigas asumidas nos convenios de portelo.

3. Co fin de desenvolver o proceso descrito no número anterior, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas elaborará un plan de actuación, en colaboración coas administracións públicas e institucións interesadas.

Artigo 6. *Integración de portelos electrónicos.*

1. Sen prexuízo da identidade definida no marco da Unión Europea, o PUDS quedará integrado no PAE electrónico. Así mesmo, estableceranse as medidas que permitan garantir a interoperabilidade destes portelos cos PAE presenciais.

2. O PUDS prestará os servizos definidos no artigo 18 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

3. A plataforma «Emprende en 3» queda integrada no PAE electrónico.

4. Os ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e de Facenda e Administracións Públicas determinarán conxuntamente as condicións de integración e interoperabilidade necesarias e procederán de maneira coordinada na súa promoción.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal no conxunto da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional segunda. *Puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT).*

1. Os PAIT pasarán a denominarse PAE e prestarán os servizos establecidos nos convenios PAIT vixentes a partir da entrada en vigor deste real decreto.

2. Os organismos que teñen asinados convenios PAIT poderán incorporar novos servizos entre os establecidos no artigo 13 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, mediante unha comunicación á Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

3. Sen prexuízo doutros servizos que se poidan prestar, os servizos a que se refire o número anterior, así como os establecidos nos convenios PAIT vixentes, poderanse prestar mediante contraprestación económica, agás o referente á tramitación do DUE.

Disposición adicional terceira. *Modificacións orzamentarias.*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas levará a cabo as modificacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste real decreto.

Disposición adicional cuarta. *Plan de actuación.*

1. Os ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e de Facenda e Administracións Públicas levarán a cabo un plan de actuación no cal se establecerán as modificacións para que os medios humanos e materiais necesarios para levar cabo a integración efectiva dos portelos electrónicos a que se refire o artigo 6 sexan adscritos ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no prazo de nove meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

O plan de actuación incluírá todas as medidas necesarias para a implantación, no mesmo prazo, de todos os servizos que, conforme o artigo 13 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, debe prestar o Punto de Atención ao Emprendedor electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Para iso, crearanse programas de traballo en coordinación coas comunidades autónomas e entidades locais.

2. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas levará a cabo as modificacións orzamentarias e de persoal precisas para o cumprimento do previsto no plan de actuación.

3. No prazo de nove meses, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo pasará a desempeñar todas as funcións referentes a portelos únicos electrónicos a que se refire o artigo 6.

Disposición transitoria única. *Centros do portelo único empresarial.*

No prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor deste real decreto levarase a cabo o establecido no artigo 5.

Disposición derradeira primeira. *Actualización de referencias.*

De conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, as referencias aos puntos de asesoramento e inicio de tramitación que conteñen o Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refiren o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada; o Real decreto 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática, e o Real decreto 368/2010, do 26 de marzo, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a posta en marcha das empresas individuais mediante o sistema de tramitación telemática, entenderanse referidas aos puntos de atención ao emprendedor.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre procedemento administrativo común.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN